

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN BANCO DE  
ALIMENTOS PROVINCIA DA CORUÑA

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Manuel María Mora y Pita de Veiga

A SECRETARIA XERAL EN FUNCIÓNS  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ASDO. Paula María Vázquez Carrasco



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 8 /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS PROVINCIA DE A CORUÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE ALIMENTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE E CONTRATACIÓN DE PERSOAL.

Na Coruña, a 19 de xaneiro de 2026, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Paula María Vázquez Carrasco, Secretaria Xeral en funcións da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte Don Manuel María Mora y Pita de Veiga, Presidente da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**MANIFESTAN**

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente dos de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón. Proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren a súa necesidade. Promover a participación do voluntariado para os dous fins anteriores.

Estes destinatarios finais son as "persoas mais desfavorecidas", as persoas físicas, familias ou agrupacións cuxa situación de dependencia económica está recoñecida polas autoridades competentes.

As principais actuación da entidade perseguen os obxectivos de desenvolvemento sostible: fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, redución das desigualdades.

2.- En Galicia a tasa AROPE -porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social- situouse no 18,8 % da poboación residente na comunidade no 2024.

3.- No ano 2024, o Banco de Alimentos Provincia de A Coruña repartiu 1.710.726 Kg/l de alimentos entre 119 entidades colaboradoras, atendendo a 24.669 persoas beneficiarias.

4.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril, artigo 36 e coa Lei de Adm. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

5.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña**, con NIF G70260906, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal**.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.**

A Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| Concepto | Importe |
|----------|---------|
|----------|---------|

|                     |                   |                     |
|---------------------|-------------------|---------------------|
| Compra de alimentos |                   | 89.421,15 €         |
| Gastos de persoal   | Soldos e salario  | 37.000,00 €         |
|                     | Seguridade Social | 11.800,00 €         |
| <b>Total</b>        |                   | <b>138.221,15 €</b> |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 72,34783 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,34783 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

**VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1. A Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. A Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.